# I. DISPOSICIÓNS XERAIS

## XEFATURA DO ESTADO

**10958** *Lei 9/2021, do 1 de xullo, de declaración do Parque Nacional da Serra de las Nieves.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

A Rede de parques nacionais de España está integrada polo conxunto de espazos declarados parques nacionais, suxeitos a un réxime xurídico que garante a conservación para as xeracións futuras dun excelente legado, integrado por unha mostra representativa dos principais sistemas naturais españois.

A declaración do Parque Nacional da Serra de las Nieves nace da vontade común da Administración xeral do Estado e da Administración da Comunidade Autónoma de Andalucía de outorgar o máximo nivel de protección a un territorio que alberga valores naturais e culturais excepcionais. A necesidade e eficacia da súa declaración fundaméntanse na apreciación do interese xeral do Estado na súa conservación e na súa achega á Rede de parques nacionais.

Cunha superficie de 22.979,76 hectáreas, o novo parque nacional inclúese integramente na Comunidade Autónoma de Andalucía, na provincia de Málaga, no extremo occidental da Cordilleira Bética. A súa declaración culmina un longo proceso de planificación destinado a garantir a conservación dunha singular riqueza natural, paisaxística e cultural, así como dos usos e actividades que historicamente contribuíron a conformar os ditos valores.

Os numerosos estudos científicos desenvoltos avalan o estrito cumprimento dos requisitos de representatividade, naturalidade, continuidade superficial, escasa intervención humana e viabilidade futura que ten que cumprir un espazo para ser declarado parque nacional, conforme as especificacións contidas na Lei 30/2014, do 3 de decembro, de parques nacionais.

A inquietude pola conservación dos valores naturais presentes na Serra de las Nieves xorde a raíz da visita de Edmond Boissier e tras a descrición do abeto pinsapo como nova especie en 1838. É a partir de entón cando comezan as primeiras chamadas para a conservación destas serras e dos seus bosques e, así, durante as últimas décadas do século XIX e primeiras do XX sucédense as iniciativas para a súa protección ata a Guerra Civil. Durante a posguerra increméntase a presión demográfica nas zonas rurais e a explotación intensiva dos recursos locais, coa consecuente alteración das paisaxes forestais. En 1945, o Estado adquire os pinsapares das Cañadas de Ronda; créase posteriormente o Coto Nacional de Caza da Serranía de Ronda, máis tarde Reserva Andaluza de Caza. O proceso alcanza un momento clave en 1989 coa declaración do Parque Natural Serra de las Nieves e a posterior aprobación do Plan de ordenación dos recursos naturais e do primeiro Plan reitor de uso e xestión. Por iniciativa das autoridades locais e dos axentes económicos da zona, a Unesco declara en 1995 a Reserva da Biosfera Serra de las Nieves, que comprende unha superficie moi superior á do parque natural e que se integra en 2006 na Reserva da Biosfera Intercontinental do Mediterráneo. Por solicitude da Xunta Reitora do Parque Natural Serra de las Nieves, inícianse os traballos que culminan co desenvolvemento do proxecto formal de declaración do parque

nacional. O dito proceso prevé a elaboración do Plan de ordenación dos recursos naturais do ámbito da Serra de las Nieves, que abarca un extenso territorio en que conflúen distintas figuras de protección. Nel establécense os límites territoriais precisos do parque nacional que agora se declara.

Con estes antecedentes elaborouse unha proposta inicial de declaración do Parque Nacional da Serra de las Nieves que foi aprobada polo Consello de Ministros e o Consello de Goberno da Xunta de Andalucía. Tras a súa aprobación, someteuse a trámite de información pública e solicitáronse informes dos departamentos ministeriais e dos municipios afectados. Cos informes e consideracións recibidas, elaborouse unha nova proposta que foi aprobada polo Consello de Ministros e o Consello de Goberno da Xunta de Andalucía. Por último, a proposta final someteuse a informe do Consello da Rede de Parques Nacionais.

Esta lei ten por obxecto a declaración do Parque Nacional da Serra de las Nieves en virtude do artigo 149.1.23.ª da Constitución española, que outorga ao Estado a competencia para ditar a lexislación básica en materia de ambiente, e do artigo 8.1 da Lei 30/2014, do 3 de decembro, de parques nacionais, que establece que a dita declaración se deberá efectuar por lei das Cortes Xerais.

O ámbito físico do Parque Nacional comprende a Serra de las Nieves e as principais elevacións de Serra Real. A súa estratéxica localización xeográfica, unida á particular conformación xeolóxica e xeográfica e á complexidade do substrato, dan lugar a unha elevada diversidade ecolóxica que se manifesta nunha multiplicidade de hábitats, especies e elementos xeolóxicos nun territorio relativamente pequeno. Iso permite a presenza de polo menos 10 dos 27 sistemas naturais terrestres recollidos na Lei 30/2014, do 3 de decembro, de parques nacionais.

Entre estes destaca o sistema natural «Abetais e pinsapares», que mellora cuantitativa e cualitativamente a súa representación no contexto da Rede ao incorporar os pinsapares. O novo parque nacional integra máis da metade do total da superficie ocupada por esta especie. Estas masas constitúen as formacións máis extensas de bosques de abeto pinsapo conservadas no ámbito peninsular. Coa declaración incorpórase tamén á Rede unha representación doutras interesantes formacións, como os «piñeirais de piñeiro negral peridotíticos do sector occidental malacitano», os «sabinares negrais interiores», os «sobreirais húmidos gaditanos» e as «matogueiras almofadadas espiñosas e tomiñares de pradeira».

A exposición de motivos do Real decreto que desenvolvía a Lei de parques nacionais, publicado o 24 de febreiro de 1917, no número 55 da Gaceta de Madrid, xa citaba o Pinsapar de Ronda como sitio natural destacado na orde do botánico en España.

No contexto xeolóxico increméntase a representación do sistema natural «Formas do relevo e elementos xeolóxicos singulares do macizo Ibérico e as cordilleiras alpinas», que incorpora as únicas rochas do manto superior que afloran nas cordilleiras alpinas ibéricas, as peridotitas. Así mesmo, vese incrementada a representación dos «sistemas naturais singulares de orixe cárstica», cun dos mellores exemplos españois de carst mediterráneo en transición coa alta montaña.

As singularidades ecolóxicas do territorio encontran o seu reflexo na presenza dunha elevada diversidade de especies de flora, algunhas ameazadas de extinción como o abeto pinsapo ou o tabaco gordo *(Atropa baetica)*.

Resulta especialmente relevante o grupo das aves, en que se cita a modo de exemplo o ameazado rabirrubio de testa branca *(Phoenicurus phoenicurus),* que conta nos pinsapares maduros cun dos máis importantes núcleos reprodutores para a especie no sur da Península Ibérica. Entre os mamíferos merece especial atención a poboación de cabra montesa, así como o grupo dos quirópteros, ben representado atendendo, en particular, á natureza cárstica de boa parte do territorio protexido. Entre os réptiles destaca a lagarta dos penedos *(Podarcis vaucheri)* e os esgonzos común *(Chalcides striatus)* e ibérico *(Chalcides bedriagai)*. No grupo dos anfibios, a subespecie de píntega (Salamandra salamandra *subsp. longirostris)* encóntrase só presente nas provincias de Cádiz e Málaga. No río Guadaiza é posible encontrar o escalo de Málaga *(Squalius malacitanus),*

endemismo presente no río Guadaiza; o lorcho de auga doce *(Salaria fluviatilis) encontra* dous dos seus últimos redutos en Andalucía nos ríos Verde e Guadaiza. Entre os invertebrados ameazados merecen especial atención o caranguexo de río autóctono *(Austropotamobius pallipes)* e as raras especies de cabaliños do demo *Macromia splendens* e *Oxygastra curtisii,* vinculados a cursos fluviais singularmente ben conservados.

Froito do paso e asentamento de distintas civilizacións, a actividade humana modelou o territorio en consonancia coas necesidades das diferentes culturas, o que deu lugar a un rico patrimonio histórico e cultural material (castelos, torres, casaríos, necrópoles, etc.) e inmaterial (costumes, gastronomía, folclore, artesanía, etc.).

A lei establece os obxectivos que se alcanzarán coa declaración do novo parque nacional, delimita o seu ámbito territorial e o da súa zona periférica de protección e establece os criterios para posibles futuras ampliacións. Determina o réxime xurídico de protección, preponderante fronte a calquera outra normativa sectorial vixente, así como as medidas e compensacións que se aplican en caso de supresión de actividades consideradas incompatibles.

Establécese unha área de influencia socioeconómica, integrada polos termos municipais en que se encontra situado o Parque Nacional e o territorio correspondente á súa zona periférica de protección. Tendo en conta a excepcionalidade prevista no artigo 31 da Lei 30/2014, do 3 de decembro, de parques nacionais, intégranse na área de influencia socioeconómica os termos municipais incluídos na zona periférica de protección tendo en conta a súa similar motivación e sensibilidade en materia de conservación, traxectoria histórica e dinámicas de desenvolvemento socioeconómico comúns. As entidades locais e empresariais e as persoas físicas e xurídicas radicadas no seu interior poderán beneficiarse de diferentes medidas destinadas a promover un desenvolvemento socioeconómico sustentable, sempre compatible co cumprimento dos obxectivos establecidos para o Parque Nacional. A responsabilidade da xestión do espazo protexido recae na Comunidade Autónoma de Andalucía, que poderá establecer instrumentos de cooperación financeira coa Administración xeral do Estado, no ámbito das súas respectivas competencias. No prazo máximo de tres anos desde a entrada en vigor desta lei o Parque Nacional deberá dispor dun plan reitor de uso e xestión; durante a súa elaboración deberá quedar garantida a transparencia e a participación pública, e emitirá informe o Padroado do Parque Nacional, órgano de participación da sociedade.

Propietarios e outros titulares de dereitos sobre terreos situados no interior do Parque Nacional participarán na súa conservación, primando na xestión a integración dos municipios afectados, sectores e colectivos. Apoiaranse as poboacións locais residentes no interior do Parque Nacional, en particular mediante o desenvolvemento de actividades económicas e comerciais relacionadas co uso público e as actividades de turismo rural.

Por último, cabe mencionar que esta lei se axusta aos principios de boa regulación contidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Cumpre cos principios de necesidade e eficiencia debido a que, coa súa aprobación, nace un novo parque nacional cuxa conservación se declara de interese xeral do Estado, e utilizouse a norma xerarquicamente adecuada para iso como é a lei. Obsérvase o principio de proporcionalidade dado que as medidas restritivas de dereitos que contén a norma son adecuadas ao fin que persegue de protección deste espazo natural e proporcionadas a el. Igualmente, respéctanse os principios de seguridade xurídica, transparencia e eficiencia posto que o seu contido é coherente co resto do ordenamento xurídico; as partes interesadas participaron, en primeiro lugar, durante a tramitación previa para a declaración do Parque Nacional e, en segundo lugar, no trámite posterior de información pública, e non se crean novas cargas administrativas, manténdose as existentes.

Tendo en conta todo o exposto, preséntase a Lei de declaración do Parque Nacional da Serra de las Nieves, que foi sometida a consulta do Consello Asesor de Medio Ambiente, a informe do Consello da Rede de Parques Nacionais e foi obxecto de información pública, de acordo co previsto no artigo 26.6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Declárase o Parque Nacional da Serra de las Nieves, cuxa conservación se considera de interese xeral do Estado, e intégrase na Rede de parques nacionais, de acordo co previsto na lexislación básica na materia.

2. A declaración do Parque Nacional da Serra de las Nieves e a súa incorporación á Rede de parques nacionais ten os seguintes obxectivos:

a) Achegar á Rede de parques nacionais unha mostra representativa de varios sistemas naturais significativos, entre eles os pinsapares, caxigueiras, piñeirais, sabinares, matogueiras e pasteiros de alta montaña, aciñeirais, sobreirais, cursos de auga e bosques de ribeira, xunqueiras, relevos e elementos xeolóxicos singulares como as peridotitas e sistemas naturais de orixe cárstica.

b) Protexer a integridade dos seus valores naturais e paisaxes, e asegurar a súa conservación e, se for o caso, a recuperación da biodiversidade, en especial dos hábitats e especies presentes no seu interior, con criterios que garantan o equilibrio e mantemento dos procesos bióticos e abióticos que determinan a súa estrutura, función e dinámica.

c) Garantir a conservación da xeodiversidade e do patrimonio xeolóxico.

d) Contribuír ao avance no coñecemento sobre a realidade física, biolóxica, ecolóxica, cultural e socioeconómica do espazo natural e a súa difusión.

e) Contribuír ao seguimento dos procesos de cambio global, a través da obtención da información necesaria e o deseño de mecanismos de xestión adaptativa.

f) Contribuír á conservación do patrimonio cultural, material e inmaterial, e etnográfico vinculado cos valores naturais do espazo.

g) Contribuír ao desenvolvemento sustentable das poboacións que acheguen territorio ao Parque Nacional e daquelas incluídas na súa área de influencia socioeconómica.

h) Facilitar o coñecemento dos valores do Parque Nacional a toda a sociedade, así como ordenar, de forma compatible coa súa conservación, o seu uso e desfrute público, promovendo a accesibilidade universal.

i) Mellorar o coñecemento, potenciando a actividade investigadora e o seguimento da evolución dos procesos naturais, así como a difusión dos seus valores.

j) Reforzar os fluxos ecolóxicos dentro do ámbito territorial do espazo, e entre este e a súa contorna, de forma que se favorezan os procesos de mobilidade e dispersión das especies e poboacións da flora e fauna silvestres.

Artigo 2. *Ámbito territorial.*

1. O Parque Nacional da Serra de las Nieves comprende o ámbito territorial incluído dentro dos límites cuxa descrición literal figura no anexo I, cunha superficie de 22.979,76 hectáreas incluídas no territorio da Comunidade Autónoma de Andalucía.

2. Poderán incorporarse ao Parque Nacional terreos estremeiros a este, de similares características ou cuxos valores resulten complementarios cos daquel, conforme o procedemento establecido e os requisitos exixidos nos artigos 6 e 11 da Lei 30/2014, do 3 decembro, de parques nacionais.

Artigo 3. *Réxime xurídico de protección.*

1. O réxime xurídico de protección establecido nesta lei terá carácter preponderante fronte a calquera outra normativa sectorial vixente sobre o territorio do Parque Nacional.

2. Co obxecto de cumprir cos obxectivos do Parque Nacional, e no marco do Plan reitor de uso e xestión, os usos presentes no seu interior clasificaranse en compatibles ou incompatibles coa súa xestión e a súa conservación, incluíndo entre os primeiros os necesarios para a xestión. En concreto:

a) Poderanse manter aqueles usos e actividades tradicionais que, ao teren contribuído historicamente a conformar o territorio, sexan declarados como compatibles e regulados no Plan reitor de uso e xestión.

b) Quedan prohibidos no interior do Parque Nacional todos aqueles usos e actividades declarados como incompatibles polo Plan reitor de uso e xestión por alteraren ou poren en perigo a estabilidade dos sistemas naturais, os procesos ecolóxicos ou a integridade dos seus compoñentes físicos ou biolóxicos.

3. En particular, considéranse actividades incompatibles:

a) O desenvolvemento no territorio do Parque Nacional de novos usos ou actividades que supoñan cambios na actual estrutura, aparencia ou composición da paisaxe que se debe conservar, excepto os traballos de mellora da paisaxe ou restauración do medio natural que por razóns de conservación se deban realizar.
b) O novo establecemento de calquera tipo de construción, edificación e instalación permanente, así como de infraestruturas tales como tendidos eléctricos, parques eólicos, instalacións de tráfico terrestre ou aéreo ou remontes mecánicos, aproveitamentos hidráulicos ou hidroeléctricos, redes enerxéticas, trazados de vías de comunicación, camiños, entre outras. Excepcionalmente, a administración xestora, logo de informe do Padroado, poderá autorizar instalacións que resulten precisas para unha adecuada xestión do Parque ou debidamente xustificadas por razón de protección ambiental ou interese social, sempre que non exista outra solución satisfactoria, garantindo a integridade dos procesos naturais.
c) A explotación e extracción de minaría e agregados, a realización de calquera tipo de verteduras ou abandono de residuos, a corta con fins comerciais, a caza deportiva e comercial e a pesca deportiva e recreativa, e, con carácter xeral, calquera actuación que poida supor destrución, deterioración ou transformación dos elementos naturais singulares da zona. Non quedan afectadas pola prohibición anterior as actividades que a administración xestora do Parque Nacional, de acordo coas determinacións que estableza o Plan reitor de uso e xestión, programe en materia de control de poboacións, ordenación de masas forestais ou erradicación de especies exóticas invasoras.
d) Todas aquelas actividades que queden prohibidas na lexislación básica sobre parques nacionais e nos seus instrumentos de desenvolvemento, en particular o Plan director da Rede de parques nacionais, así como as que sexan identificadas como incompatibles coas finalidades do Parque Nacional da Serra de las Nieves no seu plan reitor de uso e xestión.

4. Os plans hidrolóxicos das bacías mediterráneas andaluzas e a Administración competente en materia hidráulica asegurarán os recursos hídricos adecuados en cantidade e calidade para o mantemento dos valores e o logro dos obxectivos do Parque Nacional.
5. Serán indemnizables aquelas limitacións de dereitos e intereses patrimoniais lexítimos que se produzan en cumprimento dos fins desta lei e demais normativa básica en materia de parques nacionais.
6. Nos terreos incluídos dentro do Parque Nacional non pode existir solo susceptible de transformación urbanística nin solo urbanizado, sen prexuízo do que determine o Plan reitor de uso e xestión en canto ás instalacións precisas para garantir a súa xestión e contribuír ao mellor cumprimento dos obxectivos do Parque. Con carácter xeral, os plans ou normas urbanísticas adaptarán as súas previsións ás limitacións derivadas desta lei e dos instrumentos de planificación que se aproben no seu desenvolvemento e aplicación.

Artigo 4. *Zona periférica de protección.*

1. Declárase como zona periférica de protección do Parque Nacional da Serra de las Nieves, para os efectos do previsto na lexislación básica do Estado sobre parques nacionais, o territorio incluído dentro dos límites que se describen no anexo II, cunha superficie de 75.119,86 hectáreas.
2. O réxime xurídico da dita zona periférica de protección será o que estableza a Comunidade Autónoma de Andalucía e serán de aplicación o Plan de ordenación dos recursos naturais do ámbito de Serra de las Nieves, o Plan reitor de uso e xestión do Parque Natural Serra de las Nieves, así como aquelas determinacións específicas contidas

nos instrumentos de planificación territorial e de espazos naturais protexidos que lle sexan de aplicación. O Plan reitor de uso e xestión do Parque Nacional da Serra de las Nieves poderá unificar o réxime xurídico propio da zona periférica de protección.

3. Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, para a efectividade ou establecemento de restricións de sobrevoo na zona periférica, será preciso o informe preceptivo e vinculante da Comisión Interministerial entre Defensa e Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, prevista no artigo 6 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea.

Artigo 5. *Área de influencia socioeconómica.*

1. Declárase como área de influencia socioeconómica do Parque Nacional da Serra de las Nieves, para os efectos do previsto na lexislación básica do Estado sobre parques nacionais, o espazo formado polos termos municipais que achegan territorio ao Parque Nacional e á zona periférica de protección, que figuran no anexo III.

2. As entidades locais, as entidades empresariais e as persoas físicas e xurídicas radicadas no interior da área de influencia socioeconómica e as institucións privadas sen fins de lucro con actividade nela poderanse beneficiar do réxime de subvencións, axudas e medidas de desenvolvemento previstas tanto na lexislación básica sobre parques nacionais como na normativa de desenvolvemento da Comunidade Autónoma de Andalucía. Para este fin, as administracións públicas poderán establecer os correspondentes instrumentos de colaboración e cooperación.

3. O Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e a Xunta de Andalucía poderán promover o desenvolvemento socioeconómico sustentable en termos de compatibilidade co Parque Nacional, e desenvolver, de forma coordinada, cantas accións, plans e programas consideren convenientes para este fin. Para iso poderán constituír os correspondentes consorcios e subscribir convenios entre eles e co resto de administracións, institucións e colectivos implicados.

Artigo 6. *Utilidade pública e interese social.*

Declárase para todos os efectos a utilidade pública e interese social das actuacións que, para a consecución dos obxectivos establecidos nesta lei, deban acometer as administracións públicas no interior do Parque Nacional e na súa zona periférica de protección.

Artigo 7. *Tanteo e retracto.*

A Xunta de Andalucía poderá exercer os dereitos de tanteo e retracto respecto dos actos ou negocios xurídicos de carácter oneroso e celebrados «inter vivos» que comporten a creación, transmisión ou modificación de dereitos reais, con excepción dos de garantía, que recaian sobre predios rústicos situados no interior do Parque Nacional, incluída calquera operación ou negocio en virtude do cal se adquira a maioría do capital social de sociedades titulares dos dereitos reais citados. Para estes efectos:

a) O transmitente notificará fidedignamente á Xunta de Andalucía o prezo e as condicións esenciais da transmisión pretendida. Dentro dos tres meses seguintes á notificación, a dita Administración poderá exercer o dereito de tanteo e obrigarse ao pagamento do prezo convido nun período non superior a dous exercicios económicos.

b) Cando o propósito de transmisión non se notifique de maneira fidedigna, a Xunta de Andalucía poderá exercer o dereito de retracto no prazo dun ano a partir da data en que teña coñecemento da transmisión e nos mesmos termos previstos para o tanteo.

c) Os rexistradores da propiedade e mercantís non inscribirán transmisión ou constitución de dereito ningún sobre os bens referidos sen que se acredite ter cumprido cos requisitos sinalados neste artigo.

Artigo 8. *Xestión do Parque Nacional.*

A xestión do Parque Nacional da Serra de las Nieves corresponderá á Comunidade Autónoma de Andalucía, que a organizará de forma que resulte coherente cos obxectivos da Rede de parques nacionais.

Artigo 9. *Réxime económico e de colaboración.*

1. A Comunidade Autónoma de Andalucía atenderá, con cargo aos seus orzamentos, os gastos derivados da xestión ordinaria e habitual do Parque Nacional.

2. A Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Andalucía poderán establecer instrumentos de cooperación financeira, nos termos do artigo 30 da Lei 30/2014, do 3 de decembro, de parques nacionais, e das directrices básicas para a coordinación contidas no Plan director da Rede de parques nacionais.

Artigo 10. *Plan reitor de uso e xestión.*

1. O instrumento para a planificación ordinaria da xestión do Parque Nacional da Serra de las Nieves é o Plan reitor de uso e xestión, que se axustará ao disposto no Plan director da Rede de parques nacionais e terá unha vixencia mínima de dez anos. Será elaborado e aprobado pola Comunidade Autónoma de Andalucía e deberá ser periodicamente revisado. As administracións competentes en materia urbanística emitirán informe preceptivo sobre o Plan reitor de uso e xestión antes da súa aprobación ou revisión.

2. O Plan reitor de uso e xestión prevalecerá sobre o planeamento urbanístico. Cando as súas determinacións sexan incompatibles coa normativa urbanística en vigor, esta será revisada de oficio polos órganos competentes.

3. O Plan reitor de uso e xestión axustarase ao Plan director da Rede de parques nacionais e conterá, polo menos:

a) As normas, obxectivos, liñas de actuación e criterios xerais de uso e ordenación do Parque Nacional.

b) A zonificación do Parque Nacional, que delimite as áreas dos diferentes usos e estableza a normativa de aplicación en cada unha delas, de acordo cos tipos de zonas que se establezan no Plan director.

c) A determinación e programación das actuacións precisas para a consecución dos obxectivos do Parque Nacional en materias tales como conservación, uso público, investigación e educación ambiental. Esta programación de actividades deberá ter en conta as necesidades de conservación que xurdan como consecuencia do cambio climático que pode afectar ecosistemas e hábitats especialmente sensibles aos cambios ambientais como son os pinsapares, as especies asociadas e os servizos que proporcionan, entre outros.

d) A estimación económica dos investimentos correspondentes ás infraestruturas e ás actuacións de conservación, de investigación e de uso público programadas durante a súa vixencia.

e) A relación das actividades clasificadas en incompatibles ou compatibles coa súa conservación e xestión, e dentro destas últimas distinguiranse aquelas que, ademais, sexan necesarias para a xestión e conservación do espazo, así como os instrumentos de colaboración cos titulares e propietarios para a súa integración, reformulación ou indemnización, se for o caso.

f) Os criterios para a supresión das formacións vexetais exóticas presentes no interior do Parque Nacional, así como para a erradicación das especies invasoras.

g) As medidas de integración e coordinación coas actuacións que poidan desenvolver no interior do Parque Nacional outras administracións públicas.

h) As medidas de prevención fronte a actividades incompatibles que se desenvolvan no exterior do Parque Nacional e de previsión de catástrofes naturais ou derivadas da actividade humana. Ligado a iso, o Plan reitor de uso e xestión deberá recoller a

elaboración dun plan de autoprotección destinado a previr e, se for o caso, facer fronte aos riscos que se poidan producir. O citado plan recollerá a prevención dos riscos máis probables derivados das actividades que se desenvolven normalmente na contorna do Parque Nacional da Serra de las Nieves e os riscos derivados do cambio climático. Tamén recollerá as previsións orzamentarias necesarias para a súa aplicación, os medios dispoñibles, a necesaria formación do persoal e o seu adestramento. Deberá incluír, igualmente, os mecanismos de coordinación cos plans de protección civil.

4. O procedemento de elaboración do Plan reitor de uso e xestión incluirá, necesariamente, trámites de audiencia aos interesados, información pública e consulta ás administracións públicas afectadas, así como os informes previos do Consello da Rede de Parques Nacionais e do Padroado.

5. O Plan reitor de uso e xestión desenvolverase a través dos plans anuais de traballos e investimentos e outros instrumentos de planificación e xestión previstos na lexislación autonómica que aprobe a Comunidade Autónoma de Andalucía e o Padroado emitirá informe sobre eles.

6. Todo proxecto de obra, traballo ou aproveitamento que non figure no Plan reitor de uso e xestión ou nas súas revisións e que se considere necesario levar a cabo no Parque Nacional deberá ser debidamente xustificado tendo en conta as directrices daquel e autorizado pola Comunidade Autónoma de Andalucía, logo de informe do Padroado.

Artigo 11. *Padroado do Parque Nacional da Serra de las Nieves.*

1. Como órgano de participación da sociedade no Parque Nacional da Serra de las Nieves créase o Padroado do Parque Nacional da Serra de las Nieves, de forma independente a calquera outro órgano de participación.

2. O Padroado do Parque Nacional da Serra de las Nieves estará adscrito, para os efectos administrativos, á Comunidade Autónoma de Andalucía.

3. A composición do Padroado, o seu réxime de funcionamento e o nomeamento do seu presidente serán competencia da Comunidade Autónoma de Andalucía. O director-conservador do Parque Nacional formará parte do Padroado.

4. Na composición do Padroado asegurarase a paridade entre os representantes da Administración xeral do Estado e os representantes da Comunidade Autónoma de Andalucía. Así mesmo, estarán representadas as administracións locais, os axentes sociais da zona, os axentes que desenvolvan actividades económicas no seo do Parque Nacional, os propietarios públicos e privados de terreos incluídos no Parque e aquelas institucións, asociacións e organizacións relacionadas co Parque Nacional ou cuxos fins concorden cos obxectivos da presente lei.

5. O Padroado do Parque Nacional da Serra de las Nieves exercerá as funcións establecidas na lexislación básica do Estado, así como aqueloutras que lle poida asignar a Comunidade Autónoma de Andalucía. En particular, as seguintes:

a) Coñecer as normas que afecten o Parque Nacional e velar activamente polo seu cumprimento.

b) Promover, impulsar e realizar cantas actuacións considere oportunas a favor do espazo protexido.

c) Emitir informe sobre o Plan reitor de uso e xestión e as súas modificacións, así como sobre os plans de traballo e investimentos ou calquera desenvolvemento sectorial derivado del.

d) Emitir informe sobre a programación anual de actividades que vaian realizar as administracións competentes.

e) Emitir informe antes do exercicio correspondente sobre o orzamento anual do Parque Nacional, onde se detallarán as actuacións que se vaian realizar, a institución que as executa e a Administración que as financia.

f) Aprobar a memoria anual de actividades e resultados e propor as medidas que considere necesarias para corrixir disfuncións ou mellorar a xestión.

g) Emitir informe sobre os proxectos e propostas de obras e traballos que se pretendan realizar no Parque Nacional e que non estean contidos nos plans de traballo e investimentos.

h) Emitir informe sobre as solicitudes presentadas ás convocatorias de subvencións financiadas con cargo aos orzamentos xerais do Estado, que se realizarán na área de influencia socioeconómica.

i) Emitir informe sobre aqueles proxectos que, desenvoltos na contorna do Parque Nacional, se prevexa que poidan ter impacto significativo ou afectar os seus valores naturais.

j) Emitir informe sobre posibles modificacións do Parque Nacional.

k) Propor normas e actuacións para a máis eficaz defensa dos valores do Parque Nacional.

l) Establecer o seu propio regulamento de réxime interior.

Artigo 12. *Acción pública.*

Será pública a acción para exixir ante os órganos administrativos e os tribunais de xustiza a estrita observancia do establecido nesta lei e nas disposicións que se diten para o seu desenvolvemento e aplicación.

Artigo 13. *Réxime sancionador.*

1. O réxime de infraccións e sancións no Parque Nacional da Serra de las Nieves será o previsto no título VI da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, así como na normativa autonómica que lle sexa de aplicación.

2. Consideraranse, ademais, infraccións administrativas moi graves no ámbito do Parque Nacional, suxeitas ao réxime sancionador previsto no punto anterior:

a) A alteración significativa das condicións naturais do Parque Nacional ou dos elementos que lle son propios mediante ocupación, decrúa, corta, arrinca ou contaminación directa ou indirecta.

b) O exercicio da actividade cinexética e a pesca deportiva e a recreativa, a captura, recolla ou persecución non controlada de animais silvestres, as súas crías ou ovos, así como a arrinca e a corta de plantas, catalogados como ameazados, salvo por razóns de xestión.

c) A realización de calquera tipo de verteduras que poidan pór en perigo a preservación das condicións naturais do Parque Nacional.

d) A explotación e extracción de materiais de cantaría e agregados.

e) A liberación ou introdución deliberadas de especies alleas aos ecosistemas do Parque Nacional.

3. Consideraranse, ademais, infraccións administrativas graves no ámbito do Parque Nacional, suxeitas ao réxime sancionador previsto no punto 1:

a) A construción ou remodelación de calquera tipo de infraestruturas permanentes, tales como camiños, edificacións, tendidos eléctricos, instalacións de tráfico terrestre ou aéreo, así como a realización de sementeiras ou plantacións sen a autorización pertinente.

b) O exercicio da actividade cinexética e a pesca deportiva e a recreativa, a captura, recolla ou persecución non controlada de animais silvestres, as súas crías ou ovos, así como a arrinca e a corta de plantas, salvo por razóns de xestión ou control de poboacións.

c) O incumprimento das condicións impostas nas autorizacións administrativas concedidas para levar a cabo algún tipo de actividade no interior do Parque Nacional.

d) O desenvolvemento de actividades comerciais prohibidas dentro do Parque Nacional.

e) A instalación de carteis de publicidade.

f) O almacenamento de residuos ou ferralla.

g) Acender lumes nas zonas e períodos non permitidos.

h) A emisión de ruídos que perturben a tranquilidade das especies ou molesten as persoas.
i) O incumprimento das restantes prohibicións establecidas nesta lei e nos seus instrumentos de planificación.

4. Consideraranse, ademais, infraccións administrativas leves no ámbito do Parque Nacional, suxeitas ao réxime sancionador previsto no punto 1:

a) A acampada en lugares distintos aos previstos ou en condicións diferentes ás establecidas.
b) A recollida sen autorización de especies da flora silvestre, minerais e fósiles que non supoña alteración significativa das condicións naturais do Parque Nacional.
c) O desenvolvemento de actividades comerciais permitidas sen autorización.
d) O incumprimento de calquera outro precepto da normativa do Parque Nacional.

Disposición adicional primeira. *Constitución do Padroado do Parque Nacional da Serra de las Nieves.*

No prazo de dous anos desde a entrada en vigor desta lei, a Comunidade Autónoma de Andalucía constituirá o Padroado do Parque Nacional da Serra de las Nieves.

Disposición adicional segunda. *Aprobación do Plan reitor de uso e xestión.*

No prazo de tres anos desde a entrada en vigor desta lei, a Comunidade Autónoma de Andalucía aprobará o Plan reitor de uso e xestión.

Disposición adicional terceira. *Colaboración e cooperación entre administracións.*

Co obxecto de contribuír a que o Parque Nacional da Serra de las Nieves alcance un nivel de xestión e conservación acorde co establecido na normativa básica de parques nacionais, facúltase o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a través do organismo autónomo Parques Nacionais, para subscribir e pór en marcha cantos acordos, convenios e consorcios coas administracións competentes se consideren convenientes para o seu logro.

Disposición adicional cuarta. *Aumento da propiedade pública no Parque Nacional e na súa zona periférica de protección.*

As administracións públicas poderán adoptar medidas tendentes ao aumento progresivo da propiedade pública no interior do Parque Nacional e na súa zona periférica de protección, mediante a adquisición de predios, preferentemente por acordo voluntario cos seus propietarios.

Disposición adicional quinta. *Réxime indemnizador.*

Corresponderá á Administración xeral do Estado o pagamento das indemnizacións polas limitacións nos bens e dereitos patrimoniais lexítimos establecidas no Parque Nacional que deriven da lexislación básica na materia e do Plan director da Rede de parques nacionais. Corresponderá á Comunidade Autónoma de Andalucía o pagamento das indemnizacións polas limitacións restantes.

Disposición adicional sexta. *Supresión de usos, instalacións ou actividades incompatibles.*

No prazo de cinco anos a partir da entrada en vigor desta lei, as administracións públicas, primando, en todo caso, os acordos voluntarios, procederán á supresión dos usos, instalacións ou actividades incompatibles que poidan existir no momento da declaración. Nos casos en que a dita supresión non sexa posible por razóns de utilidade pública preponderante, adoptarán no mesmo prazo as medidas precisas para a corrección

dos impactos ambientais que se poidan estar a producir, en particular as que se relacionan co anexo IV.

Disposición adicional sétima. *Bens afectos á Defensa Nacional.*

De conformidade co disposto na disposición adicional décimo primeira da Lei 30/2014, do 3 de decembro, de parques nacionais, os bens que se encontren no Parque Nacional da Serra de las Nieves ou na súa zona periférica de protección e que estean afectados ao Ministerio de Defensa ou ao uso das Forzas Armadas e aos postos á disposición dos organismos públicos que dependan daquel están vinculados aos fins previstos na súa lexislación especial.

Os instrumentos de planificación derivados desta lei, sempre que afecten os referidos bens, deberán ser sometidos a informe preceptivo e vinculante do Ministerio de Defensa.

Disposición adicional oitava. *Sobrevoo de aeronaves.*

Dada a singularidade da situación xeográfica do Parque Nacional da Serra de las Nieves e con obxecto de compatibilizar os seus obxectivos de conservación e o tráfico aéreo, a limitación de sobrevoo establécese en 2.926 metros de altitude, asegurando deste xeito unha marxe de 1.000 metros sobre o punto de maior elevación do Parque Nacional.

Disposición transitoria única. *Vixencia dos instrumentos de planificación existentes.*

Mentres non sexa aprobado o Plan reitor de uso e xestión do Parque Nacional, seguirán en vigor os instrumentos de xestión dos espazos naturais protexidos existentes no seu ámbito territorial, en todo aquilo que non se opoña ao disposto nesta lei.

Disposición derrogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derrogadas cantas disposicións se opoñan ao establecido nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.23.ª da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia en lexislación básica sobre protección do ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de establecer normas adicionais de protección.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 1 de xullo de 2021.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN

## ANEXO I

### Límites do Parque Nacional da Serra de las Nieves

